

EN GALEGO *d* CON MOITO
GUSTO

MERCADOS MUNICIPAIS FERROL



Concello de Ferrol
NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

EN GALEGO CON MOITO GUSTO

MERCADOS MUNICIPAIS FERROL

CONCURSO DE RECEITAS NOS MERCADOS MUNICIPAIS DE FERROL

BASES

■ **1** Poderán participar todas as persoas maiores de idade que presenten unha receita que se corresponderá cunha ou máis das catro modalidades seguintes:

Carne | Peixes | Outros (legumes, verduras, arroces, pasta, etc.) | Sobremesas

■ **2** Só poderán participar persoas físicas, é dicir, quedan excluídos establecementos de hostalaría: bares, restaurantes, asociacións, etc.

■ **3** A receita presentarse por escrito, **redactada en lingua galega**, nos mercados municipais de Ferrol, no lugar habilitado polas asociacións de mercados, ou pode enviarse por correo electrónico a gnl@ferrol.es ou na web do Concello de Ferrol, no apartado de **Ferrol con lingua**. Deberá achegarse o texto da receita (ingredientes e elaboración), os datos da persoa que a presenta (nome, apelidos, enderezo, teléfono de contacto), así como a modalidade en que presenta a súa receita.

■ **4** As receitas deben ser orixinais ou ben adaptación persoal doutras receitas. Non serán válidas as receitas que fosen publicadas anteriormente noutras *webs* persoais ou en calquera outro medio.

■ **5** O xurado estará composto por un representante de cada unha das asociacións dos mercados municipais, un representante do Concello de Ferrol e dúas persoas designadas pola Asociación de Empresarios de Hostalaría de Ferrol e Comarcas.

■ **6** O prazo de presentación de receitas comeza o **2 de novembro** e remata o **30 de novembro de 2009**.

■ **7** O Concello de Ferrol editará unha publicación coas receitas seleccionadas, en que deberá figurar o autor ou autora de cada unha delas.

■ **8** O xurado seleccionará un número determinado de receitas de cada modalidade para a citada publicación. Así mesmo, de entre as receitas seleccionadas, o xurado elixirá unha receita gañadora en cada modalidade. Os autores ou autoras das catro receitas gañadoras recibirán un agasallo.

■ **9** O **ditame do xurado** comunicáraselles aos gañadores vía telefónica.